



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE OZA-CESURAS PARA FINANCIAMENTO DA “REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO OZA-CESURAS”

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos exercer, entre outras, as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.

2.- Antecedentes.

O municipio de Oza-Cesuras, nacido en virtude do Decreto núm. 83/2013, do 6 de xuño (DOG núm. 108, do 7 de xuño), polo que se aprobou a fusión voluntaria dos municipios de Oza dos Ríos e Cesuras, é o resultado da primeira fusión de municipios en Galicia desde o ano 1968, e, por tanto, a primeira unión de Concellos desde a chegada da democracia.

Entre a documentación que serviu de base á citada fusión, cabe salientar as chamadas **ESTIPULACIÓNS XURÍDICAS E ECONÓMICAS DE OZA-CESURAS**, dende as cales interesa a sétima, cuxo tenor literal é o seguinte:

“Sétima: Ata que se produza a correspondente unificación normativa, as ordenanzas e demais normas aprobadas polos municipios de Cesuras e Oza dos Ríos seguirán vixentes nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Polo que atinxe ao urbanismo, o novo Concello velará para que o seu futuro PXOM respecte a clasificación do solo, especialmente a delimitación do solo urbano e dos núcleos rurais, existente na actualidade nos municipios de Cesuras e Oza dos Ríos, sen que, por tanto, os ditos solos urbanos e núcleos rurais diminúan de tamaño ou superficie, sen prexuízo de que se poidan ampliar as áreas de solo urbano e dos núcleos rurais, incluso delimitando outras novas, se se desen os requisitos legais para iso. Así mesmo, velará para que os demais parámetros urbanísticos (usos, parcela mínima, edificabilidade, alturas, ocupación do terreo, recuados a lindeiros, etc.) non sexan máis restritivos para a construción que os actualmente vixentes. O novo





Concello considerará prioritario que o PXOM do novo municipio posibilite a implementación de industrias no territorio dos antigos municipios de Cesuras e Oza dos Ríos, habilitando para tal fin o solo industrial que resulte preciso.”

A situación actual, polo tanto, é a recollida na indicada estipulación: O ámbito territorial do antigo municipio de Oza dos Ríos, réxese polo seu Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 29 de outubro de 2001, é o do antigo municipio de Cesuras, polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, aprobadas definitivamente o 3 de marzo de 1997.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Oza-Cesuras o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2020.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras, para a **“redacción do Plan Xeral de ordenación Municipal”**

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal co obxecto de que o novo municipio de Oza-Cesuras dispoña dun único documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

